

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Moi bos días a todos, moitas grazas a todas e a todos por vir, por estar aquí. Onte tivemos unha xornada creo que máis que interesante, coñecendo un pouco das realidades do País de Gales, do Quebec, como tamén do País Vasco e de Cataluña, e hoxe tócanos comezar xa coa nosa realidade. E esta primeira mesa, céntrase basicamente nunha cuestión, nunha pregunta: que nos medios audiovisuais falamos galego está claro, pero, que galego falamos? Xa non está tan claro. Non me quero estender porque ademais temos creo que non demasiado tempo, e o tema a pouco que o profundicemos vai dar para bastante polémica. Entón non quero tampouco perder demasiado tempo facendo presentacións, pois basicamente nos coñecemos todos, pero a modo de introdución, eu preséntovos, e se non vos importa, fágovos unha pregunta. A partir de aí se tedes algo preparado, paréceme algo estupendo, falades do que queirades, pero se non vos importa fágovos unha pregunta.

Comezamos pola dereita: Charo Pena, actriz e directora de dobraxe, desde fai moitos anos. Unha das profesionais máis cualificadas en Galicia. Non imos enumerar as súas películas nin moitos dos seus traballos, porque sería moi extenso. Pero si dicir que é unha das persoas que máis en contacto está cos actores e actrices galegas cando se teñen que dobrar, nesas películas que a priori son galegas, pero que non o son ata que pasan polas mans de Charo, ata que se dobran ó galego. Entón a miña pregunta, moi rápida, para facer de presentación, a miña pregunta é: Charo, os actores e actrices galegas teñen problemas á hora de dobrarse a si mesmos nas películas? E non falo de problemas técnicos, falo do idioma.

CHARO PENA:

Sí.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Ben, é unha resposta rápida e concreta. Xerardo Couto tamén é actor e a parte diso ten publicados moitos artigos sobre tradución, participou en moitos congresos, pero cando ten que gañar cartos dedícase á dobraxe. Unha pregunta rápida Xerardo: cando en dobraxe temos un texto en orixinal que di *fuck you*, cando o traducimos como “vai rañala”, estamos traducindo ben?

XERARDO COUTO:

Depende da función comunicativa que teña o explicitivo ese, non sei, depende do contexto. Fóra do contexto non me atrevería a dicir nada, ou sexa, pode ser porque é un calco lingüístico, e os calcos poden estar prohibidos, ou ter moito coidado con eles. Pero podería ter unha tradución axeitada, pero hai que ter en conta que a dobraxe é un modo de penetración dos anglicismos dese tipo. Hai que ter coidado á hora de dobralo.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Moi ben. Enrique Ribadulla, pola súa profesión desde fai moitos anos, é presidente da Asociación de Guionistas. É guionista e un home moi vencellado ao mundo da televisión. A min con respecto aos guionistas gustárame, pois ocorréronseme sempre tamén moitas preguntas, pero unha moi clara que me gustaría que me respondeses moi brevemente: os guionistas galegos pensan en galego e escriben en galego, ou traducen: pensan en castelán e traducen e escriben en galego?

ENRIQUE RIBADULLA:

Iso é facilísimo de contestar. Vivimos nunha sociedade colonizada, entón a maioría dos guionistas galegos, sobre todo os que levan anos na profesión porque teñen unha idade xa avanzada –coma non as novas xeracións que como sabemos teñen un problema co idioma-, si, pensan en galego, falan en galego, se expresan en

galego, e tratan de escribir en galego. Nas condicións nas que vivimos, nunha cultura colonizada, moitas veces por cuestións do que demanda a industria vense obrigados a escribir en español. E claramente vense obrigados, non é a súa vontade; os guionistas galegos claramente temos unha vocación de construír un audiovisual galego, porque entre as cousas claras que temos –e digo temos porque sei perfectamente que esta é unha idea maioritaria-, os guionistas galegos sabemos que traballamos no audiovisual dunha nación, claramente. Y a partir de aí o noso idioma único de expresión é o idioma galego.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Moi ben, pois tan só nos queda Paco Loderiro, actor, presentador, director de programa, produtor, tamén, aínda que todo depende, ten días (risas), pero está claro que é un home da pantalla e da radio. Un home que tamén utiliza o galego como ferramenta de traballo, tamén no programa que ti levas e dirixes. Cifras e Letras (hai que facer un pouco de promoción).

PACO LODEIRO:

Cifras e Letras, se tedes decodificador na casa sintonizádeo, por favor, dos que contan, digo, se non da igual!

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Pois eu non sei se facerche esta pregunta como presentador, pero... os presentadores de televisión, utilizan a lingua galega como ferramenta útil e directa de traballo, pero ás veces dá un pouco a sensación, e non imos meternos con ninguén en concreto, de que algún grupo ten como un idioma especial, como un idioma propio. A pregunta é: en deportes por exemplo emprégase unha lingua propia?

PACO LODEIRO:

Si, eu creo que en deportes hai unha, e o meu vocabulario non me permite expresar como sería isto, pero unha variante dialectal ou algo, do sector deportes. Acórdome especialmente dun xogador do Barcelona, chamado internacionalmente Cocú, e claro, en Galicia “Conelculo” soaba mal, entón chamábanlle Coquí. Creo que é o proceso máis significativo. Con respecto á televisión, creo que a televisión ten esa función normalizadora, que pode ser máis abafante que a do cine, porque o cine hai que ir a el e a tele está na casa. Entón hai que xogar con esta vantaxe para poder normalizar cousas. Eu entendo que é necesario normalizar, eu son desaxeración que aínda, por idade, non fomos formados en galego, e non tiñamos asignatura de galego no ensino. Entón temos un galego aprendido a base do entorno familiar e demais, que normalmente leva a dicir, polos pais, “eu non sei falar galego, quen o fala é este”: que é o fillo que nunca o fala. Entón temos este problema a veces, na tele, de pasarse de normalizar. Normalizar ás veces consiste en anormalizar expresións que non existen máis que nun contexto, como ese do gardacurrunchos do equipo local. Esas cousas pasan.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Pois se queredes comezamos. Se algún de vós ten algo preparado. Se queredes entramos en polémica e en preguntas directamente. Charo si que ten, adiante Charo.

CHARO PENA:

Teño un auténtico tratado. O que pasa é que non sei como comezar isto. Non sei cales son as preguntas que nos propoñemos responder. En que momento me fixen a pregunta de cal é o galego que estamos a falar. Como actriz e directora de dobraxe a resposta non é fácil, se non sabes quen es e de onde ves. Iso é o primeiro que intentei esquematizar. Non se me deu nada ben, é un esquema moi malo porque é un tratado, xa digo. Vou ver se dou abreviado: os actores de

dobrase en Galicia veñen -estou a falar do principio, do momento da creación da Televisión galega- dos medios máis diversos: a radio, o teatro, a dobraxe en castelán, e outros. A selección feita, os castings feitos para conseguir actores e actrices de dobraxe, maioritariamente fixéronse no medio urbano e sen control lingüístico de ningún tipo. Accediase seguindo outros criterios, digamos. En canto ós directores de dobraxe, eran escollidos polos empresarios do sector seguindo criterios propios, empresariais, case nunca vencellados a unha competencia lingüística senón a outras valoracións particulares (responsabilidade, calidade de interpretación, coñecementos xerais) e mesmo a un coñecemento persoal. Nese primeiro momento, a nivel social -e creo que este pode ser un tema importante neste debate- a nivel social a dobraxe era algo moi pouco ou nada recoñecido. Había un forte prexuízo sobre unha innovación na que o castelán levaba décadas de adianto. Tamén é verdade que a calidade do emitido non axudaba nada a desfacer ese prexuízo. Despois houbo unha segunda época, seguramente moi interesante desde o punto de vista lingüístico -e aí están os profesionais que o poden valorar mellor que nós- onde a Televisión galega iniciou e mantivo no tempo, informes elaborados polos seus técnicos. Neses informes avaliábase a calidade lingüística de moitos traballos dobrados, non de todos. En algúns tamén se facía constar a conveniencia de que se espallasen para que os profesionais da dobraxe que tivesen interese en facelo, os puidesen ler. Non todos consideraban que este feito fose conveniente, e pola parte empresarial eses informes foron -en ocasións- considerados como unha arma para ter gardada e podela utilizar en determinado momento. Nese tempo, e estou a falar dun tempo moi longo, ó mellor de dez ou doce anos, pedíanse castings de voces para case tódalas series e para moitas películas. As empresas axeitáronse dunha maneira ou doutra a esta maneira de proceder.

Abreviando moito, digamos que co pasar dos anos os máis dos requirimentos sobre a calidade se foron esvaecendo. Cando digo calidade, estoume a referir ao que nos trae aquí, a calidade lingüística, poderíamos falar tamén do aspecto técnico e do aspecto interpretativo, pero ímonos centrar no idioma. Desde o ano 2004, principalmente, produciuse un serio retroceso nas esixencias lingüísticas por parte do cliente maioritario da dobraxe galega, por non dicir o único, que é a Televisión de Galicia. Duns anos para aquí, desde algún sector político, laboral e social -non só desde o sector profesional directamente implicado- volveuse requerir unha esixencia sobre o produto dobrado. É curioso, hai a quen lle parece raro, que sexamos os propios traballadores do noso sector os que esteamos avogando sempre porque haxa unha esixencia e un control sobre o noso traballo, cando habitualmente noutros ámbitos laborais non é así. Non sei, non se me ocorre que os médicos pidan que os inspectores vaian cada quince días ver como vai o traballo nas consultas, ou que os profesores soliciten tamén máis inspeccións. Nós si. E se queremos é por varias razóns, pero a fundamental é que seguramente será o único xeito -que o cliente esixa- de que as empresas máis reticentes permitan que se desenvolva o traballo nunhas condicións mínimas de calidade.

Quero falar dun caso particular, que mencionou antes Mourelas: o da dobraxe de cine. Penso que merece un capítulo á parte, porque nel mestúranse actores de dobraxe profesionais con actores que se autodobran, o que require plantexamentos propios de cada caso. É certo que, por sorte, este produto xa naceu con determinadas esixencias por parte dos creadores. Independentemente da valoración que eles fagan da conveniencia ou non de presentar unha versión en galego, habitualmente desexan un nivel de calidade salientable. Pero é verdade tamén que nos últimos tempos parece que haxa -en algunhas ocasións- un relaxamento ó respecto.

Sobre "que galego é o que se pode querer no audiovisual", eu non o sei, non son especialista, non son filóloga, non son técnica no tema. Pero son galegofalante, o

99'9% dos días da miña vida falo en galego, falo galego na miña vida privada e falo galego na miña vida profesional, seguramente por iso estou máis cerca de saber é que é o que non quero. E onte, pensando en que era o que non quería, ocorréuseme sinalar varias cousas. Por exemplo non quero a fala na que non aparece o vocalismo e os fonemas propios do noso idioma, e que coloca os pronomes ó chou, dependendo do aire que vente nesa hora. Tampouco a fala que ten corrección nas vogais e no resto da gramática, pero na que non existe a musicalidade que a debera de facer distinta de calquera outra. Tampouco a fala que non é senón un calco continuo, unha tradución simultánea do castelán, e carece dos xiros e expresións propias da nosa lingua. Non quero a fala esaxerada e caricaturizada na que se converte a busca consciente de cada vogal e de cada entoación. E tampouco quero a fala de laboratorio, sen alma nin vida, coa que se nos obsequia desde moitos estamentos sociais. Rexeito todo isto porque considero que non é galego. Que é o que quero? Que sexan os especialistas quen o determinen. A normativa ten que ser elaborada e discutida entre especialistas, penso eu.

XERARDO COUTO:

Eu quero dicir que o que pasou coa dobraxe en Galicia, desde os seus inicios dos que sempre se fala, é parecido ao que pasou no País Vasco e Cataluña. Por exemplo Joan Vancoubertá di que o catalán, a televisión catalá, andaba ás apalpadadas, a cegas, cando tiña que dar criterios ós tradutores. É dicir, que foi unha cousa que colleu ex novo a todo o mundo. O mesmo di I. Etxebarría sobre o tema do vasco, di que toda a cantidade de rexistros que ten a ficción, é unha cousa que non estaba... e toda a dobraxe. Sobre esta xa se dixo varias veces que supuxo un salto cualitativo e cuantitativo na normalización. O que pasa co galego é que este idioma nalgúns aspectos está en construción. Para iso basta ver un par de cousas... Que está sólido, pero hai algúns temas nos que aínda está en construción. E que criterios debe de empregar o galego?, os criterios que debe de empregar, e eu vou ser normativo, vou dicir o mesmo que din as normas ortográficas e morfolóxicas: identidade, para que teñamos continuidade coa lingua que tivemos ata agora; purista, para que este expurgada de todo tipo de castelanismos etcétera; supradialectal, para que vaian nela tódolos dialectos que hai no galego; conservador, para que conserve o galego tradicional; e que teña harmonía, porque digamos que estamos dentro do ámbito das linguas románicas, estamos dentro do ámbito do portugués para facer as escollas léxicas e os préstamos. Eses son os criterios que creo que ten que seguir. Que non invento nada, están no prólogo das normas e no prólogo do futuro libro que xa os dobradores coñecemos como instrumento de traballo, que é o *Diccionario de pronuncia*. Que é unha cousa que xa preguntei fai tempo: por que, habendo dicionarios en inglés que teñen só entradas de pronuncia, que non explica, non ten entradas léxicas, senón só de pronuncia, por que non o hai en galego, dados os problemas que temos? Estes criterios do galego parécense ós criterios que di Rosa Agós falando das normas da tradución audiovisual. Fala dos criterios que hai hoxe en día en Cataluña, segundo ela, que son o uso do rexistro oral, o uso dun catalán estritamente normativo, a aceptabilidade da tradución –e isto debatémolo despois se queredes-, e unha certa distancia co castelán á hora de traballar co idioma. Que ocorre? Que na práctica é difícil, porque se ti te procuras un nivel oral, vas ter anacolutos, vas ter dúbidas, vas ter préstamos do castelán aínda que non queiras. Iso vino nunha serie catalá que se dobrou, na que os cataláns tiñan todo tipo de préstamos do castelán. Á hora de traballar co galego andabamos... cambiabamos moito. A serie era *Pats Brouts*, se queredes falamos do tema, pero era un índice de como eran as relacións do catalán fronte ó castelán ou do galego fronte ó castelán. As diferenzas creo que se vían nesa dobraxe, polo menos algúns indicios.

ENRIQUE RIBADULLA:

Continuando coa pregunta, o que eu quero dicir é que os guionistas todos que vemos aquí, no auditorio, que pertencen á Asociación Galega de Guionistas, única asociación ata o momento, que representa aos guionistas que traballamos en Galicia, son guionistas que me consta que escriben en galego, que falan o galego. O digo con respecto á pregunta, para avanzala mais, para que non pareza que son cousas que digo eu aquí e que logo haberá guionistas que digan que non é verdade o que di o seu presidente. Eles dirán que é así, e eu digo, e me atrevo a dicir, que eles saben que pertencemos, e aproveito isto para iniciar o que vou dicir aquí; eles saben que traballamos no audiovisual dunha nación. Isto creo que é a base fundamental do concepto. Para ser breve, case vou dicir titulares de prensa. Creo que vivimos actualmente unha realidade, na sociedade galega, unha serie de conflitos en torno á nosa cultura. Conflitos que veñen dados de situacións anteriores, e que agora é difícil poñerlles solucións, e ás veces non hai a vontade suficiente que puidesen solucionarlos. E estes conflitos fan que o noso idioma, segundo din expertos ás veces, e esta xa é unha valoración miña, que pode parecer alarmista, que o noso idioma estea nunha situación de perigo de desaparecer. O audiovisual faise inserto nunha sociedade, cada audiovisual nunha sociedade concreta; o audiovisual galego se fai inserto na súa sociedade propia, na nación dos galegos, nación sen estado pero nación ao fin e ao cabo. Polo tanto, debe de corresponder ese audiovisual á situación da sociedade, e contribuír claramente ao avance desa sociedade. Quero dicir con isto que o audiovisual debe estar inserto na problemática social, debe tomar partido, e o partido que vai tomar agora mesmo é radical, no sentido de que é un problema profundo, e para os problemas profundos non caben máis que solucións radicais. Nese sentido, hai unha aposta decidida e clarísima polo idioma galego. O audiovisual galego debe de tomar un partido clarísimo en defensa do idioma. E calquera outra actitude, persoalmente teño claro isto, calquera outra actitude é traballar fóra da realidade social e concreta do noso país. Polo tanto non cabe outra alternativa que facer audiovisual en lingua galega. E xa postos, creo que hoxe non debemos falar a medias tintas, e creo que hoxe calquera cousa que non se produza en orixinal en galego non debe de ser cualificado de audiovisual galego. Agora ben, ese será outro audiovisual que se producirá en Galicia, ao que non lle quito a súa validez, o seu respecto, e que se debe seguir producindo, pero cualificando a cada cousa como se debe. Un será audiovisual producido en Galicia e por profesionais galegos, e outro será audiovisual galego, que é o que se producirá en galego. Temos un exemplo clarísimo na literatura de tódolos países. Ninguén concibe que un escritor que vive en París, se a súa literatura a produce en inglés, ninguén califica a súa literatura de francesa, porque esta é a literatura que se produce en francés. E ese debate, e estou a dicir a propósito Francia, como podería ser outro país, ese debate na literatura está clarísimo en Galiza: a literatura galega é a que se escribe en galego. Os demais escritores que son galegos, e que producen literatura noutros idiomas, como pode ser o español, son evidentemente escritores galegos, son escritores moi respectados, moitos deles grandísimos escritores, e disto hai moitos exemplos e mestres, pero que o seu ámbito literario non é o galego. Iso debe de servir de exemplo para o audiovisual.

En canto á cuestión concreta do idioma nesta situación de crise, na que temos que ser radicais, temos que empregar un idioma, coincido nisto enteiraamente co que din os dobradores, para o que hai unha normativa aprobada pola Xunta de Galicia, proposta pola Real Academia Galega; partir dun consenso entre diferentes forzas lingüísticas, ou sectores lingüísticos, que toma ese nome precisamente: normativa de consenso, onde se consideran unha serie de cuestións sobre como debe de ser o noso idioma. A partir dos profesionais e dos especialistas, como dicía Charo, e iso non quita que o noso idioma é moi rico, que ten unha serie de formas dialectais, totalmente permitidas e admitidas na normativa de consenso. Formas tamén de pronuncia diferentes segundo as zonas; todo iso está tamén na normativa, imos dicir, oficial. E logo o cine e a televisión, como en calquera idioma do mundo, pois

permite variacións en canto as personaxes. Iso os profesionais o coñecedes perfectamente, o que son os idiolectos de cada personaxe. Pode haber variacións sobre a lingua, pero esas variacións son sempre arredor da lingua normativizada. A forma de defender o idioma é utilizando a normativa, tamén nesa función que ten o audiovisual de contribuir, de ser parte da sociedade, e contribuir a que o noso idioma... iso que din os especialistas de que está en perigo, que se acabe. Porque o día en que se acabe o noso idioma evidentemente se acabará a nosa cultura, a nosa diferenza. Había unha novela de Bernardo Atxaga, *O fillo do acordeonista*, da que recordo unha frase, que non citarei exactamente como era no libro, que me parece extraordinaria. Era un vasco que lle explicaba a unha persoa que falaba en español a diferenza de cada vez que morría un vasco que falaba en vasco. A porcentaxe de falantes que desaparecían nese momento era grandísimo, en comparación a outros idiomas como o español. Por tanto cada falante era vital e fundamental para a pervivencia do idioma. Eu quero deixar claro, xa vamos dicilo así, dous titulares de prensa, e para min o que deriva da cuestión é: unha, que teñamos claro que facemos o audiovisual dunha nación, e dous, que o audiovisual galego é aquel que está feito en orixinal en galego.

PACO LODEIRO:

Dicía Charo ao principio que hai que saber de onde un vén, e eu como escravo das miñas condicións, proveño de Lavañeuca, un barrio xusto enfronte en A Coruña do de Corcón, polo tanto hai entre eles rivalidade permanente, así que vou comezar a polemizar co Corcón. Con respecto ao que dicía Corcón de que os guionistas son todos conscientes do traballo que están a facer, eu non estou de acordo. Eu quería comezar dicindo que o audiovisual é un caixón de xastre no que se recollen moitas cuestións, e hai por un lado os irmáns pequenos que somos os da radio e os da tele, e por outro lado están os do cine, que digamos que teñen un status creativo moito máis importante pero que moitas veces non está verdadeiramente incardinado na historia galega. É dicir, os produtores de produtos audiovisuais pódennlle chamar película galega a *Os luns ao carón do sol*, ou *Cando volvas ó meu carón*. Son películas galegas desde o momento en que hai unha parte do equipo de galegos, que percibirán un salario inferior, porque se veñen os de Madrid vai quedar mellor, pero cobran máis guita. Entón hai todo un tipo de cousas que fai que se fale de cine galego, de cine feito aquí, caralludo! Entón, hai todo un espectro de audiovisual galego que está moi compartimentado. Unha cousa é unha película feita en Galicia, con temática galega, e outra é unha película que se ía gravar en San Sebastián e ao final se grava aquí. Perfecto, é traballo, pero é traballo da industria, non produto audiovisual galego. Iso por un lado. Entón xa, limitándome ao da tele, que é o que a min me toca, esta preocupación que teñen Xerardo e Charo sobre a corrección lingüística, creo que é mellor relativizala. Eu non son consciente, cando había esas probas para presentador da tele, e se dicía “ese vale e non fai falla que faga casting”, vale, pero eu non son consciente dos tipos de vogais que hai. Sei que hai sete, pero non o teño nada claro, eu falo e o digo. Entón eu non teño nada claro, cando falo ao longo do programa, que ademais é moi de falar correctamente porque a palabra senón non vale aínda que sexa recoñecíbel... pero creo que hai unha tensión idiomática que excede do entretemento, porque aparte da información ou da divulgación dun léxico correcto, temos tamén a función de entreter. E nesa función ás veces hai unha limitación polo academicismo, que perde forza. Dicías ti antes como se traducía vai rañala. Claro, se sae un tipo dunha película de Dublín, con cadeas, cresta e tal, en vez de dicir vai rañala, ao mellor dicía guíllate neno. Entón, ver a un tipo “punkki” con expresións absolutamente académicas ás veces é complicado. E iso non é só na tradución, a min na tradución preocúpame menos. Na serie, isto... ¿como se chama isto, cando as personaxes teñen distintos rexistros? Idiolecto, pois...

ENRIQUE RIBADULLA:

Perdoa un momento: Nós estudamos, os guionistas, me refiro. Os presentadores debían de estudar, tamén.

PACO LODEIRO:

Vale, perfecto. Nunca me fixo falta. Dábame clase Castelao e aprobaba pola cara. Ao que vamos. Quero dicir que eu aprecio moita diferenza de riqueza lingüística dunhas series a outras. Entón eu, no exercicio san que fas ás veces cando chegas á casa, neste endomundo, cando cheguei onte mesmo ó hotel Francisco II e puxen a peli, estaba Mourelos facendo de malo, ten esta voz dobrando, e xogo a adiviñar, é Tacho: é Carlitos Jiménez quen esta a falar, como tamén nas series, porque sei como é o rolo, digo: este que está a escribir é fulano, que non ten nin puñetera idea de para que país escribe. Claro, dígocho así. Entón ti estás aquí neste papel representativo da Asociación de Guionistas, pero hai moito guionista que escribe... e ímonos endebedar ben.

ENRIQUE RIBADULLA:

Eu te interrompo, hai que aclarar unha cousa. Hai moito guionista escribindo, hai moita xente escribindo. Vamos a puntualizar isto. A diferenza primeiro é dunha formación. Aquí pasa unha cousa, e é que hai moitas produtoras que contratan para escribir a quenes non son guionistas. Eu como son presidente, como se da esa circunstancia, recibo moitas veces chamadas de persoas que non son guionistas, de actrices por exemplo, actores, directores, persoas que non escriben habitualmente. Me chaman e me din que tal produtora as contratou para escribir tal cousa, e preguntan porque non teñen nin idea, me preguntan canto teñen que cobrar. Para iso me chaman e me consultan a min, iso pasa.

PACO LODEIRO:

A resposta para iso é fácil: o que cobra un guionista máis algo máis.

ENRIQUE RIBADULLA:

A resposta sería moi fácil cara a produtora, a de por que contrata a unha persoa que habitualmente non escribiu guións, pero a contrata para guionista. Pasa tamén con escritores, hai produtoras que caen no erro de querer contratar a novelistas para escribir guións, porque supostamente como os novelistas escriben, parece que poden escribir. Obviamente o guión é unha técnica moi distinta á da novela, e non todos os novelistas coñecen a técnica. Os hai que si, evidentemente, pero tamén casos de grandes novelistas galegos que fracasaron estrepitosamente ao querer escribir guións. E iso pasa. E cando pasa iso, logo ven os produtos, e en lugares públicos, como mesas redondas, aquí, se di, os guionistas galegos que é o que escriben?, quen escribiu iso? Porque que é un guionista galego? É un profesional, que está formado, que se preocupa, que traballa inserto no oficio de guionista, que ten certa experiencia no sector. Calquera guionista ten que empezar, e escribir a súa primeira vez, pero ten que empezar desde algo fundamental que é formarse, e non escribir a primeira vez sen máis. E iso é un problema, neste país pasa, cos actores pasa moitísimo. Alguén quere ser actor e di, quero ser actor e quero traballar, vou traballar nesa serie. Alto, porque onde te formaches? É que este sector é extraordinario, é como se un día chega a un hospital un cirurxán e di que quere operar do corazón. E vostede onde aprendeu: "non, é que a min me gusta operar do corazón". Pois aquí pasa cos actores, pasa moitísimo, e cos guionistas tamén pasa. "É que eu quero escribir...".

PACO LODEIRO:

Vale, perfecto. Estás eximido, porque o recoñeciches. Sobre o último outra cousa, porque eu non son actor, eu son entretendor. Eu era chistoso no instituto, logo o era no bar, e ás veces un tipo simpático acaba traballando na tele, que foi o meu caso. Non é que veña de estirpe actoral nin nada diso, e non son actor. Non estou formado, son enxeñeiro informático.

ENRIQUE RIBADULLA:

Pero o caso de Paco é significativo, porque é un actor que se formou, si, porque comezou na profesión facendo traballos pequenos que o foron formando, e iso o sabemos perfectamente. Non foi de repente, e iso é importante no sentido do que estamos a dicir.

PACO LODEIRO:

Vale. Punto un. Punto dous: o que falabamos de que se perdeu... de que hai certo pesimismo na situación do idioma. Pero hai que dicir que, na contra, nese período no que todo foi un pouco a menos, tamén agromaron as series en galego, que tamén é un contrapunto. Quero dicir, que non todo é costa abaixo. Están as series, e eu son moito máis partidario de que se fagan series e longametraxes. Antes dicía, que se fagan máis TV-movies para que se poidan emitir na tele, porque o importante dos produtos é facelos para que se vexan. Facemos unha peli e a media de espectadores é de 900 galegos por película, entón me parece máis interesante facer produtos para a tele. Claro que logo as TV-movies que se fan, fanse nun formato extraño e despois non se ven nunca, entón tampouco sei ben cal é a explicación. Pero quero dicir que eu creo que si que se fai, que é certo o da dobraxe, pero por outro lado hai cousas que si que activan. *Mareas vivas* foi un exemplo claro de activación. Que iso ao mesmo tempo permite que haxa variantes no idioma e todo isto? Ti mesma falabas Charo, dicías, non quero isto, non quero isto e non quero isto; e despois que veña alguén e diga como ten que ser, que veñan os expertos a dicilo. Claro, eu o que creo é que está ben que os expertos nos guíen, pero tamén a evidencia é... como é a palabra?, que haxa máis idiolectos, porque eu vexo as series e creo que hai unha perda de credibilidade en moitos casos por non haber máis idiolectos.

XERARDO COUTO:

Desculpa, porque falando dos idiolectos ou dialectos sociais, xeográficos, etcétera, o que quero dicir é que en toda dobraxe, polo menos na literatura que teño lido eu, na que vén do inglés de tódolos países, fálase de nivelación. Os ingleses falan de *leveling*. O que pasa na dobraxe é que toda esa variación lingüística, difásica, adoita estar nivelada: é moi difícil reproducir os diferentes dialectos sociais, etcétera. É moi difícil facelo, entón é normal que pase na dobraxe en galego, como pasa na dobraxe en italiano, pasa na dobraxe en castelán. Esta é unha puntualización que creo que está contrastada na literatura sobre o tema. Claro que é unha pena, mais hai moitos problemas para recrear a variación lingüística. Cando é pertinente para o interese narrativo, tes que facer esforzos para que quede aí. Pero non se consegue, non se consegue nin aquí nin en moitos sitios. É un tema bastante complicado.

PACO LODEIRO:

Pero a miña crítica ía máis polas series que se fan. A dobraxe creo que é moi boa. Era para ilustrar o chiste.

XERARDO COUTO:

E o galego ademais ten particularidades. Unha serie que se chamaba *Exit bonnes*, non recordo agora o título, o título estaba copiado do castelán, coma sempre; entón unha expresión... chamábanlle can ao tipo todo o tempo, chamábanlle *dog*. Pois entran uns negratos nun concesionario a mercar un coche, e a tradución que se fixo posteriormente, chamáballo tío, en lugar de can. Na tradución galega puxeron conxunto baleiro, porque tío non se podía dicir, e volveu dicir can. Qué pasa?, que ó final da secuencia o tipo ladraba, ¡o tipo ladraba! Porque é un produto audiovisual, ti tes o texto, tes o código visual, o ético, e claro, ¡está ladrando! Os casteláns pasaron olímpicamente, "oye tío qué guay", e o tipo ladra ao final. Nós puxemos, oes, can. Claro, están en primeira liña de combate, estás aí, e que fago agora? Os

galegos non dicimos tío, está prohibido; os cataláns si que o fan. En galego non dicimos tío, e can é perigoso, ¡pero está ladrando! Ou sexa: hai que dicir can. E a dobraxe ten esa función, fronte ao que é a produción propia, a dobraxe cobre máis aspectos, pero non por nada, senón porque obxectivamente a ficción do cine cobre tódolos aspectos, o salto cualitativo e cuantitativo é moito maior. E a función que fixo a dobraxe para fixar un corpus lingüístico, incluso a crear un corpus lingüístico... é dicir estás aí e en inglés falan, vouno pronunciar mal, dos *worm hole*, "agujeros de gusano", que din en castelán. Buracos de verme, dis, pero espera, os portugueses chámanlle "buracos de minhoca", porque miñoca é unha palabra perfectamente galega, e cumpre o quinto punto ese de harmonización coas linguas veciñas e tal. E seguramente buracos de miñoca non está en ningún dicionario, nin en ningunha enciclopedia de galego, entón estás en primeira liña de combate, e pensas, agora que fago en cada momento? Ese é un pouco o papel que facemos os dobradores, por iso digo que está un pouco en construción, e o galego non o di o instituto da lingua nin nada diso; o galego dino os galegos, son os que crean o idioma. E non hai ningún no que se diga o estándar do inglés e todo resolto, ou do francés. Non, iso creámolo nós, o que pasa é que hai unhas pistas e unhas ideas. E por iso dicía os cinco puntinhos que son as pistas polas que nos guiamos, a iso me refería.

CHARO PENA:

Eu non quero marchar de aquí sen falar do tema de que é e non é cine galego, que tanto entusiasmo a produtores, directores, políticos... Porque levan anos e anos dándolle voltas ao tema, e aínda hoxe non o saben. É curioso porque Ribadulla sábeo, e hai persoas aquí que o saben, como hai xente que o ten ben claro, aínda que opinións hai moitas. A min tanto me ten: non pertenzo ó grupo de actores galegos, nin ó de directores de cine galegos. Tanto me ten. O que quero é que se se fai en versión orixinal -porque ninguén o cuestiona, non o vin cuestionado, en ningún sitio xamais- que os actores galegos que fan cine en galego en versión orixinal, falen ben o galego. Cousa que en moitas ocasións non ocorre. E é un problema importante, porque hai unha crenza universalizada aquí, no noso país, que é que por nacer en Galicia xa falas ben o galego. Puideches non o escoitar case nunca, e por suposto non o falar nunca, cousa que pasa nunha parte do actorado galego, pero dáse por suposto que se ti es galego halo falar ben, ou -cando menos- ninguén o vai cuestionar. Ninguén dentro da produtora, na que posiblemente tampouco falen galego, ninguén dentro da dirección de actores, na que seguramente tampouco o falen, e ninguén dentro de todo o esquema que leva a que ese traballo vaia para adiante. Cando digo que non falan galego refírome a que se expresan nunha das cousas que antes nomeei, ou mesmo en ningunha, que tamén é posible. Entón o que quero dicir, é que o feito de que o cine sexa orixinalmente en lingua galega, non garante para nada a calidade idiomática. O que vos vou ler agora, é unha reflexión estupenda, dun autor que se chama... non vou dicir agora o nome, pero ó mellor mesmo está por aí, si... é ese señor de bigote, non recordo agora como se chama... Raúl Veiga. Marabillosa reflexión, non digo que estea de acordo con todo, pero marabillosa reflexión sobre o galego no audiovisual. Eu o que ía ler simplemente é que en 1999 a Lei do Audiovisual, vencella a actividade do sector á defensa, ilustración e promoción do galego. Que a versión orixinal sexa en galego non o garante. Queríache comentar unha cousa Paco Lodeiro, ti dixeches algo que tamén di moita xente, "só sei que hai sete vogais"... Primeiro foi a fala, e despois foi a gramática. Para falar ben un idioma, non é importante que se coñeza a súa gramática. Qué neno de Francia sabe unha palabra de gramática francesa?, e recordamos aquilo de... "asombrouse un portugués". Se vas pola aldeas, ves que todo o mundo que fala e falou o galego de sempre, de toda a vida, non ten nin idea de que haxa sete vogais. Non garante tampouco que se fale ben o galego e que se escriba ben en galego pertencer a unha asociación de guionistas. Deus me libre de me meter con eles, seguro que os máis traballan moi ben. E non estou a falar neste momento da cantidade de actores

que falan o galego con competencia lingüística, que son moitos. E cando fan dobraxe da gusto oílos falar, con naturalidade e frescura, con entoacións das que só se pode aprender, e cun respecto admirábel. Estou a falar dos que desprezan o coñecemento do idioma, rexeitan estudalo e practicalo, e... prefiren investir o seu tempo en dominar a arte da esgrima, a equitación,... ou calquera actividade que lle dea a opción a un papel (a ser posíbel no audiovisual español). Pero ¿galego?, non! "eu xa nacín en Galicia, polo tanto xa sei galego".

Por certo, gústame moito que se fagan versións orixinais en galego, parécenme imprescindibles. Para os que traballamos de xeito continuado con elas, é bastante fácil apreciarlas. Pero tamén me gusta calquera versión ben dobrada. Por exemplo, a que fixo en español Amenábar de *Los Otros*, ó que –por certo- non creo que ninguén lle dixera que é unha película estranxeira. E aínda así, tódolos actores eran ingleses e foi rodada en inglés. Tampouco creo que llo dixeran a Vicente Aranda, de *Juana la loca*, onde o protagonista era italiano -Daniel Liotti, creo que se chamaba- e que foi dobrado ao castelán, sen ningún tipo de rexeitamento por parte de ningún colectivo, polo menos que saiba eu. En fin, penso que o fundamental é que calquera produto galego: cine galego, cine feito en Galicia, ou series de televisión... deberan ser exemplo de bo uso do idioma. Ou ben pode pasarnos como pasou en Irlanda, onde xa case toda a súa produción é en inglés. Dato curioso, xa que os seus produtos son considerados irlandeses -da nación irlandesa- pero están falados en inglés. Esa posibilidade existe, e pode ocorrer. Máis aínda, seguro que é o anxeo de moitos... O único que espero, é que se chega a pasar, non se faga con cartos públicos.

Sobre o tema dos guionistas, penso que moitos son galegofalantes de seu, ou que aprenderon e están ben informados; outros non. Non coñezo a moitos que traballen no audiovisual, pero si que coñezo o traballo de moitos tradutores que traducen ó galego. Os máis deles, uns profesionais que poderían ser exemplo de coñecementos e interese. Pero tamén hai casos nos que é moi difícil non atopar unha vez atrás doutra, calcos do castelán, que empobrecen a lingua. Acaba sendo unha tradución simultánea como a que lle están a facer a alguén neste momento, algo que para min- carece de valor lingüístico, e de vehículo de transmisión da cultura do noso país. Trouxen algún exemplo porque creo que moitas veces sen exemplos non se entenden as cousas que dicimos. É nunha pequena escolma na que eu traballei no axuste e adaptación do texto para a súa dobraxe. É de debuxos animados, uns debuxos animados para nenos pequenos, pero que nos fan rir moito ós adultos. Por exemplo, unha cousa que traduciu: "que profecía máis guay", outra: "diso hai xa cinco anos", isto cambiámolo por "xa van aló cinco anos". "Normal e corrente cambiámolo por "como outro calquera", "é dicir" ou "ou sexa" cambiámolo por "que ven sendo". "É unha pasada" cambiámolo por "é abraiante" ou "manda truco". "Que me ruborizo" cambiámolo por "dáme vergonza". "Púxenme a durmir" cambiámolo por "boteime a durmir". E así podería dicirvos catro follas de exemplos. Non é correcto o que puxo este tradutor? Si, é correcto. Está integrado no que é o esquema dunha lingua falada, empregada por falantes competentes, é dicir, galegofalantes que se expresan de seu sempre en galego? Penso que non. En calquera caso... Para que recorrer a expresións alleas se temos expresións propias?

Despois o que dicías, Paco, e xa calo, da función de entreter... é curioso, porque me recorda ó que di algún actor cando se autodobra e lle comentas, mira, aí tes que dicir vou "para a casa", e ti estás a dicir vou para casa... É distinto. E se o dixeches ben en castelán, debíalo dicir igual de ben en galego. Coa interpretación que desexes.

PACO LODEIRO:

Non, eu non falaba do tema da fonética, falaba de que ás veces, ao fío do que dicía ao comezo Mourellos dos... repíteme a palabra... dos idiolectos dos comentaristas

deportivos. Que ti estás a ver a televisión e de repente che di... o do gardacurrunchos. Porque eu estou moi de acordo con todo o que dis. Logo está a cousa de pasarse ao lado de alá, que dis diantre!, de que me están a falar?, que non me entero de nada! Porque hai as dúas versións: sen defender para nada ese que non quere dicir vou pra casa, hai o que se pasa ao outro lado. Pero era anecdótico porque preguntou este home polos deportes.

CHARO PENA:

Si, pero o que pasa é que o que para ti é unha anécdota, asegúroche que é o día a día no que é todo o tema de tradución e guión. Eu teño aquí anotados outros que lin en diferentes traballos de dobraxe: “Poñer as pilas”, “que guay”, “xa che digo”, “porei toda a carne no espeto”.... Estou a citar traducións de xente con experiencia, que leva anos traducindo. E ninguén me vai convencer de que por salvar a interpretación é mellor dicir “porei toda a carne no espeto”, calco noxento de “pondré toda la carne en el asador”, que outras expresións máis axeitadas. Penso que o que necesita a lingua por parte dos profesionais que traballan con ela, o que necesita o idioma do noso país, da nosa nación, é respecto. Polo tanto, afondamento no seu coñecemento.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

O do fútbol pasa en calquera idioma, non é un problema do galego. Os grandes locutores deportivos, os que falan en galego e os que falan en español: escoitas por exemplo ao futbolista este que é comentarista, e claro... Ás veces atacamos o idioma galego, dicindo que ten defectos, sen decatarnos de que non son problema do idioma, son usos xeneralizados. O explicaba Xerardo, cando explicaba que pensamos que é un problema noso e é a realidade xeral en todas partes. É o que pasa con iso.

E con Amenábar hai que puntualizar unha cuestión. Amenábar tivo serios problemas coa Academia do cine español, e Cuerda, porque había xente que lles dicía que a súa película non era española. Iso pasou.

CHARO PENA:

Pois para ter problemas mira que non o encheron a Goyas.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Porque é así, é unha película española considerada e merecedora deses premios. Pero había que puntualizar isto, había que puntualizalo, que había persoas que opinaban que non o era. Isto é así. E xa acabo, sobre o da versión orixinal, por suposto que non é, que non todo se solucionaría...; imaxinemos que a partir de mañá todo o audiovisual galego se fixese en galego, non con iso solucionarían outras cousas. O que pasa é que iso é imprescindible, e a partir de aí habería moitas. É o caso irlandés, claro, Irlanda sufriu un problema co seu idioma que afortunadamente non nos pasa a nós, estivo practicamente en período de desaparecer, con porcentaxes baixísimos, chegou creo que ao un por cen, e agora se están recuperando, están creo que ao seis por cen de fala. E logo pasa unha cuestión co cine irlandés. Practicamente todos os que estamos na sala podemos detectar unha película irlandesa cando a vemos. Existe unha vontade, aínda hai unha vontade de facer un cine que reflexe a súa realidade, a realidade irlandesa. Iso é fácil de detectar nas películas irlandesas, é o que fai. E iso é o que ten que buscar o audiovisual galego, ter unha vontade de que nos reflexe a nós, a nosa realidade. Hai produtores e directores que din, para argumentar coa súa película, que é unha que pode competir perfectamente por tema e polo que conta, coas que se fan en Madrid. Isto mo din directores a min, por exemplo. Entón non hai esa vontade. Dicía Luís Seoane, e con isto xa acabo, que os galegos temos que enriquecer o mundo coa nosa singularidade. E iso é o que fan os irlandeses co seu cine.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Creo que é un bo momento para abrir un turno de preguntas, de debate, e aquí temos a Raúl, xa.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Está en proxecto. Pasa como co VOLGA, o Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega estivo en mans dos dobradores moitísimos anos antes de que saíse á rúa, pero moitísimos. Lustros estivo nas mans dos dobradores en “tochos” (que é unha palabra do catalán, por certo), moitísimos anos. E agora tamén pasáronnos o dicionario de pronuncia, dicionario que ten entradas, con algunhas variantes orientais, occidentais, etcétera, no que algúns xa detectaron que debería haber algunhas cousas aí porque non recolle e tal. É dicir, que os dobradores son xente falíbel, como todo o mundo, pero son xente preocupada tamén sobre o idioma.

Si, introduce algunha variante, sobre todo oriental e occidental, non sei se recolle variantes dialectais moi pequenas. Hai determinadas formas moi locais que non sei se as recolle.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Eu o que teño que dicir sobre que a lingua xere un atractivo, e a lingua do audiovisual xere un atractivo, para que iso xere o uso logo da lingua, para min, claro, iso non é un problema que xere estritamente a propia lingua, para min é un problema do produto, en xeral. A lingua, que ven utilizada nun produto audiovisual que non é atractivo en si mesmo, non vai permitir que a lingua xere ese atractivo. Entón creo que é unha pregunta en xeral do audiovisual galego. A pregunta debería ser: o audiovisual galego, en xeral, é atractivo para a sociedade galega? Esa é a pregunta, e incluíria o tema do idioma. Sobre ese tema, cada un terá a súa opinión. Eu creo que a día de hoxe aínda non é todo o atractivo que debería, pero tamén creo que a día de hoxe todavía os creadores non creamos en total liberdade como para poder conseguir ser todo o atractivos que deberíamos. O audiovisual, en tódalas partes do mundo, creo que é unha forma de arte, unha forma de cultura demasiado atrapada pola necesidade de ter clientes, é dicir, de xente que o vexa, nas televisións e nas salas de cine. E me estou a escapar do tema, pero me parece de interese.

PACO LODEIRO:

Os datos da teles son os mellores para as televisións autonómicas agora mesmo. A Televisión de Galicia ten máis audiencia que ninguén. Entón, nese aspecto si é atractiva.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

As outras formas de creación artística, a música, a pintura, a literatura, teñen esas dependencias, pero tamén ten unha parte enteiramente libre, sobre todo a literatura. A literatura que se produce no noso país, é unha literatura que se produce desde uns presupostos moi amplos de liberdade creadora. Sen estar todo o tempo a pensar se iso que estás a escribir, sen pensar todo tempo se ese poema, esa novela, vai xerar lectores. O autor, o que está é aí traballando para se expresar a si mesmo, sen outros condicionantes. E a literatura galega, pois, dentro do que son os problemas do país e dos problemas que ten, funciona medianamente ben. Desde os tempos das cantigas medievais pasando polo Rexurdimento, é o gran valedor da nosa cultura e do noso idioma. Creo que ten que ver iso coa liberdade creadora, e que pasa en todo o mundo. E o cine e a televisión está demasiado presa da necesidade de ter clientes. Está demasiado cativa de ter que xerar beneficios. A literatura ten unha sorte enorme, a literatura non ten de igual maneira que xerar beneficios. Os beneficios que se necesitan para un libro son moi pequenos, para editalo.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Me gustaría preguntarlle pola lingua que se emprega nos informativos, porque desde o meu punto de vista, as novas son todas novas feitas en castelán con versións en galego. Me gustaría saber que ferramentas se poderían empregar, como se podería facer, para ter un telexornal realmente en galego, co que se poidan identificar os galegofalantes de toda a vida. Entón quería saber a túa opinión sobre este tema, coa importancia que ten pola audiencia que teñen os informativos.

PACO LODEIRO:

A miña opinión é: hai unha noticia, e hai un tipo da rúa que está a falar, e este emprega un galego que non é normativo, que emprega unhas palabras coas que todos sabemos o que di pero que non son correctas. Logo aparece un tipiño que non falou galego na vida pero que está a falar neste galego correcto, de TVG, de informativos, que incluso ninguén entende. E nin o un nin o outro está dentro do ideal que ás veces se defende. Isto é a realidade, non é nin bo nin malo; é así. Hai unha xente que fala nun galego vivo da rúa que non é o correcto, porque tamén depende do contexto no que se da a noticia; non é o mesmo a noticia na que ven a señora de Caldas que non fala un galego normativo, e na que ven o profesional da tele que é de alí e sabe que traballa alí, que logo na cafetería non fala galego, e se pon a falar un galego absolutamente correcto, que como di Tareixa, esta rapaza, e entón fala unha cousa que non concorda co outro. Entón isto ten dúas lecturas, contestando ao que dicía antes Raúl Veiga Castelao; efectivamente, como labor normalizadora non é bo que haxa dous idiomas, como realidade é certa. E como se consegue a normalidade? Aí é onde discuten os autores, hai xente que cre estar máis pendente das historias, e eu creo que é máis necesario entender. Creo que desde o compromiso total, da xente que queira defender a inmersión no galego dos demais... Porque tamén hai outra cousa que é a xente que di "imos defender o galego que hai e do que falamos dez ben e do que un millón non teñen nin idea"; esta é outra posibilidade. Hai outra posibilidade que é facer que falar galego sexa máis común. Que hai xente que o fala fatal, pois vale, pois ten días, entón...

INTERVENCIÓN PÚBLICO (PURI SEIXIDO):

Eu querría dicir unha cousa, que se non despois a esquezo. Que non hai dous idiomas aí, hai un. E tampouco parecen dous idiomas: aí hai de principio a fin un idioma que é o da persoa que está a falar en non normativo, pero nun galego absolutamente correcto. Eu penso que calquera debe de ter a opción no seu país a intentar falar o seu idioma, aínda que coma no teu caso non sexa un idioma de nacemento, senón aprendido. E calquera o pode falar da mellor maneira que el considere. Excepto nos medios de comunicación, onde os profesionais teñen a obriga inescusábel de sabelo falar ben. E penso de que non lle pode quedar dúbida a ninguén de que aí hai un só idioma. É o que está a falar o señor que está a ser entrevistado. O outro non é galego, é outra cousa, nos meus tempos chamábaselle castrapo e agora non sei por que chámalle doutra maneira. Eu penso, sobre o compromiso persoal dos xornalistas, que é algo que eu non necesito. Que cando saía na televisión fale ben o galego, se iso é posíbel ou non o é non o imos discutir, o digo porque esta é unha cousa que xa o temos moi discutido en dobraxe: ves a profesionais que na sala falan en castelán e despois entran no papel e se poñen a falar galego, no galego que sexa. A min os compromisos persoais tanto me teñen, o que quero é, como no caso de Aznar, que na intimidade fala catalán; pois estes que cando saían na televisión falen ben o galego. Despois que fale se quere arameo coa súa muller e os seus fillos. Iso tanto me ten, pero no traballo non é un compromiso persoal, é un compromiso da xente que pagamos o seu traballo, é dicir, a esixencia de que calquera que saía nun medio de comunicación o faga ben. Ou a calquera se lle ocorre pensar que un presentador dunha televisión española podería dicir "voy pa casa"? Dura un telediario, pero aquí dura corenta telexornais. Porque o que o ten que esixir non o esixe, e garántoche que o día en que o esixan, en fin, polas vilas irán buscando quen lles dea clase rapidamente, todos os que agora non o fan. Compromisos persoais, non fan falta, eu creo que sobran. O que importa é o

compromiso profesional, para que estás alí se non o falas ben? Que te cambien e poñan a outra persoa. Así de duro é, pero así de duro foi en dobraxe.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Creo que o que di Charo é clarísimo, creo que hai que desterrar iso que di Paco de que esa señora non fala galego correctamente, claro, iso de que falan distinto, o feito de que unha palabra unha persoa non a pode utilizar... podes levar unhas sorpresas enormes ao escoitar a xente da vila que está a falar o galego de toda a vida. E cando digo sorpresa o digo polo moito que está achegado á normativa, realmente, o que fala esa xente nas vilas.

PACO LODEIRO:

Entendes que eu non estaba denigrando para nada o que fala a xente, senón o contraste que hai ás veces, que excede do procesable. Porque a pregunta enfieina coa de Raúl acerca da posibilidade de expandir...

ENRIQUE RIBADULLA:

Si, e en canto ó compromiso, o que di Charo creo que é así, o que nos importa dun profesional é que realice o seu traballo. De todos xeitos creo que si hai un problema de compromiso, de persoas que traballan nun medio de comunicación en galego, pero que non teñen ningún tipo de interese nin compromiso co idioma, e que traballan neses medios de comunicación porque lles tocou. E lícitamente están aí, pero non teñen ningún compromiso co idioma, e en canto puidesen facer o traballo en español o farían, e de feito a veces se produce este debate, a veces se produce un debate tan esperpéntico como o de por que na TVG non hai cousas que se emiten en español? Hai xente que trata de que ese debate se faga, e cando o trata é para que sexa así. Creo claramente que é a miña obriga contar isto. A min me pasou unha anéctoda curiosa. Eu nun programa no que traballaba, decidimos facer iso típico dun programa todo con tomas falsas, e o problema se viu á hora de escoller as tomas. Despois de velas fun canda os presentadores do programa, e lles dixen, é imposible facer este programa de tomas falsas, e me dixeron que por que: pois porque cada vez que vos equivocades vos pasades ao español. Cada vez que se equivocaban, había que cortar; se pasaban ao español. E había unha locutora, non ía dicir a radio, pero é estúpido, porque evidentemente é Radio Galega, e estaban a facer un programa, evidentemente en galego, e cre que está o micro pechado, non está pechado, e comeza a darlle instrucións a un técnico que saen en antena, todas en español. Creo que hai cousas moi serias, e efectivamente esa presentadora, á que non lle desexo nada malo, non quero que quede sen traballo, pero seguirá e seguirá. Isto é unha tomadura de pelo! E que se despreza un idioma do que se come. Iso é, vouno dicir así, "cojonudo". Desprezamos un idioma do que comemos, iso é unha falta de respecto impresionante. Se non lles gusta ese idioma, pois que non traballen nese idioma, e xa está, e que deixen ós profesionais que queren traballar no noso idioma, e que o queren dignificar, facelo. E aínda poden protestar que "por que teño que dar a noticia en galego?" É unha tomadura de pelo. Creo que temos que ser radicais.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

O idioma dá de comer a moitísima xente, aquí coma en todas partes. Todos os que traballamos na tele ou na radio vivimos do galego. E creo que unha media de cen mil profesionais deberían de escribir ben en galego. Creo que non o fan. O ámbito cultural, falando dos guionistas que escriben en galego... non. Aquí na cultura só se pode vivir en galego, aquí en español non publicas. Se editas un disco en español, non cho edita ninguén. Pero todo é tradución, "ai Dolores, ai Dolores, por que che lavas a cara, ai Dolores, ai Dolores, que che cheira sempre a flores". *La matumbá, la matumbá*. É tradución mental. Eu cando escoito vexo o idioma que está por debaixo. E de feito faltan estudos sobre a economía da lingua, a cantos da de

comer. Os problemas de sociolingüística que hai. A sociolingüística está dirixida a onde o galego está xa perdido. Ninguén fai estudos de sociolingüística sobre o uso do idioma en aldeas de Lugo ou de Ourense. Non. En A Coruña perdeuse... Home!, pois vaia ós sitios onde non estea perdido e inténteo recuperar.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

A ver, A Coruña é a cidade onde máis galego se fala. Logo hai dúas rúas principais onde hai xente que tal, e logo estamos a xente que vivimos nos barrios, que vimos de aldeas... Entón non estou de acordo.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Eu creo que a conciencia lingüística é unha cousa que nos falta. É a conciencia que nos falta ós profesionais que traballamos, sexamos tradutores, produtores, actores de rodaxe... hainos de tódolos ámbitos. Eu dei cursos de fonética galega a actores de dobraxe, algúns deles están dobrando a día de hoxe, e todos eran castelánfalantes. Algúns deles cando se meteron preguntaron a un determinado director de dobraxe se tiñan que facer un curso para perfeccionar a súa lingua e a resposta foi non. Entón a conciencia lingüística eu creo que si que fai falta, porque se está a traballar niso. De calquera xeito as miñas preguntas serían dúas. Porque creo que os temas da dobraxe e das linguas están sacados do español, e gustaríame saber realmente das linguas das que se traduce para o galego, no ámbito da dobraxe, porque non creo que sexa do inglés maioritariamente. Creo que é do castelán. Moitas das series que están, os textos veñen en castelán, iso o sei. E despois, se estariades de acordo, como fai un pouco TB3, con tradutores, lingüistas, dobradores; se estariades de acordo en que houbera unha homologación, evidentemente por parte de Televisión de Galicia. Pensar nunha homologación para actores e actrices de dobraxe, lingüistas e tradutores. Que vos parece o tema dunha homologación para profesionais dese ámbito?.

INTERVENCIÓN PÚBLICO:

Eu todo o que podo dicir son dúas cousas. Respecto das traducións, veñen do inglés, ata onde eu sei. Se traduce e axusta do inglés, do castelán non. É un atranco, ninguén fai unha comparación entre unha tradución e outra. Ao mellor entendín mal. Claro que *Sin Chan* era un caso especial, porque viña do xaponés. Pero o noventa e tantos por cen das traducións, non se toca o castelán para nada. Eu por exemplo dobrei a cousa esa de *Cans Dox*, despois. Antes me molesta a versión do castelán, porque eles igual chegan a solucións ás que eu non chego, eu podoo chegar a outras distintas. Non digo que sexan mellores ou peores. Estráñame moitísimo. Ata onde eu sei, non se traballa desde o castelán, trabállase desde o inglés. Respecto á homologación, non sei que hai detrás desas pretensións. Pode ser, e pode ser que sexa boa, ou pode ser que a homologación a dea a práctica e o contraste, que foi o que veu sendo ata agora. Non sei cal das dúas será mellor.

INTERVENCIÓN PÚBLICO (PURI SEIXIDO):

En canto ao que dis, é verdade que moitas veces se traduce directamente do castelán. Pasa con series xaponesas, coreanas, tal que lle sexa máis fácil e máis cómodo de facer. De aí a estar inzadas de castelanismos xa non o sei, porque noutras ocasións non é, e maila iso, vai ao castelanismo, supoño que por incompetencia lingüística. En canto á homologación non sei que dicirche, é algo que terá que estudar en todo caso a TVG. Igual non é malo. O que dis ti de que pervive xente dobrando, desde fai tempo, cunha capacidade lingüística moi mala, é porque desde fai cinco ou sete anos algunhas empresas non están a cumprir a legalidade vixente nos pagos que lle teñen que pagar ós actores e actrices de dobraxe, e ós directores de dobraxe. Fomentan continuamente que se fagan cursiños de onde sacan xente, ó mellor non moi competente pero que pode traballar por debaixo dos prezos legais. A Televisión Galega non pode dar traballo a esas empresas, sen embargo non só llo está a dar, senón que llo está a dar a esportas, que non sei se é

normativo, pero a esportas. Por iso é frecuente que haxa xente que non pronuncie vogais en galego e siga a traballar porque está traballando en empresas nas que se paga por debaixo do convenio, así que aínda menos lles vas a esixir que o fagan ben.

MODERADOR (ANTONIO MOURELOS):

Moitísimas grazas a todos, e por suposto a vós. Creo que foi unha xornada moi interesante e que se tocaron cousas moi serias, e espero que despois de todo isto se pase nota, como creo que se vai facer, que se pase nota e despois recuperar moitas das cousas que se oíron aquí.